

## UNIDADE DIDÁCTICA HUGO

OS NÁUFRAGOS TEATRO presenta HUGO, un espectáculo con forte compoñente social, seguindo a nosa forma de traballo como compañía, coa que queremos **sensibilizar e dar visibilidade ao trastorno do espectro autista (TEA)**. Dirixida a nenos e nenas a partir de 4 anos, pode adaptarse tamén a tódolos públicos, pais e nais, xa que utiliza para isto unha linguaxe universal moi próxima ao espectador.

HUGO fala así de empatía, da necesidade de comunicarnos e da beleza da diferenza, **porque ser diferentes fainos grandes**.

### QUE AMOSA HUGO

Hugo é diferente. Gústalle moito os avións e tamén toca o piano. Laia visita a Hugo cada día. A Laia gústalle falar e as plantas. Hugo ten TEA, trastorno do espectro autista. HUGO fala da empatía, da necesidade de comunicarnos e da beleza da diferenza. Ser diferentes fainos grandes.

HUGO está protagonizada por Jimmy Núñez e María Roja, baixo a dirección de Gustavo del Río. Marimo Studios asina a escenografía; a iluminación corre por conta de Daniel Pais, e a música orixinal en directo interpretada por Jimmy, de Daniel Valentín e axudantía de dirección de Sete Eiroa. Para o noso guión, contamos co asesoramento de Asperga -Asociación Galega de Síndrome de Asperger.

### ASPERGA

#### MISIÓN, VISIÓN, VALORES

**ASPERGA (Asociación Galega de Asperger)** nace en 2006, ano en que comezamos a tecer, dentro do ámbito do TEA, unha rede de familias e persoas con síndrome de Asperger co obxectivo de loitar por un futuro de verdadeira inclusión. Facémolo da seguinte forma:

- Promovendo a sensibilización e concienciación social da nosa contorna.
- Ofrecendo un centro integral de referencia, no que profesionais especializadas deseñan e facilitan servizos de atención e apoio ás persoas con Síndrome de Asperger e as súas familias, e no que os nosos usuarios son parte activa do seu propio programa de intervención.
- Traballando en rede con outras entidades para sumar esforzos e lograr un beneficio común.
- Loitando por que as persoas con Síndrome de Asperger sexan persoas de pleno dereito, implicando niso ás Administracións Públicas.
- Traballando coas persoas con TEA/SA para que tomen o control das súas propias vidas e protagonicen o futuro do seu colectivo. Fomentando as súas capacidades co obxectivo de garantir que as súas voces sexan escoitadas e se toman en conta cando se fale sobre elas e as súas necesidades a nivel local, rexional e nacional.
- Xestionando responsablemente, con ética e total transparencia co fin de alcanzar as nosas metas.

Mais info na web: [www.asperga.org](http://www.asperga.org)

## VIDEO DE HUGO

(para poder verlo polo equipo de profesorado)

<https://vimeo.com/623301383/8f2b97abca>

<https://vimeo.com/623298150/2d5fa89250>



## Definición do Trastorno do Espectro Autista



### Definición do DSM-5

Engloba o Trastorno do Espectro Autista (TEA) dentro dos Trastornos do neurodesenvolvemento, incluído no grupo das afeccións con inicio no período do desenvolvemento.

#### Segundo o DSM-5, o trastorno do espectro autista caracterízase por:

A. Deficiencias persistentes na comunicación social e a interacción social en múltiples contextos, incluídos os déficits da reciprocidade social, os comportamentos comunicativos non verbais usados para a interacción social e as habilidades para desenvolver, manter e entender as relacións.

1. As deficiencias na reciprocidade emocional varían, por exemplo, desde un achegamento social anormal e fracaso da conversación normal pasando por intereses, emocións ou afectos compartidos, ata o fracaso en iniciar ou responder a interaccións sociais.

2. As deficiencias nas condutas comunicativas non verbais utilizadas na interacción social varían, por exemplo, desde unha comunicación pouco integrada, pasando por anomalías do contacto visual (como é o caso de Hugo) e da linguaxe corporal ou deficiencia na comprensión e o uso de xestos, ata unha falta total de expresión facial e de comunicación non verbal.

3. As deficiencias no desenvolvemento, mantemento e comprensión das relacións varían, por exemplo, desde dificultades para axustar o comportamento en diversos contextos sociais, pasando por dificultades para compartir xogos imaxinativos ou para facer amigos ata a ausencia de interese por outras persoas.

B. Patróns restritivos e repetitivos de comportamento, intereses ou actividades que se manifestan en dúas ou máis dos seguintes puntos, actualmente ou polos antecedentes.

1. Movementos, utilización de obxectos ou fala estereotipados ou repetitivos ( p. ex., estereotipias motoras simples ( no caso de Hugo cos avións e as mans), aliñación de xoguetes ou cambio de lugar de obxectos, ecolalias...).

2. Insistencia na monotonía, excesiva inflexibilidade de rutinas ou patróns de comportamento verbal e non verbal (exemplo: gran angustia fronte a cambios pequenos, patróns de pensamento ríxidos, rituais de saúde, necesidade de tomar o mesmo camiño ou para comer os mesmos alimentos cada día).

3. Intereses moi restrinxidos e fixos que son anormais en canto á súa intensidade ou foco de interese (Exemplo: Hugo e os tipos de avións, forte apego ou preocupación por obxectos inusuais, intereses excesivamente circunscritos ou perseverantes).

4. Hiper ou hiporreactividade aos estímulos sensoriais ou interese inhabitual por aspectos sensoriais da contorna ( p. ex., indiferenza aparente ao dor/temperatura, resposta adversa a sons ou texturas específicos, palpación excesiva de obxectos, fascinación visual pola luces ou o movemento).

C. Os síntomas deben estar presentes nas primeiras fases do desenvolvemento (pero poden non manifestarse totalmente ata que a demanda social supera as capacidades limitadas.

D. Os síntomas causan unha deterioración clinicamente significativa no social, laboral ou outras áreas importantes do funcionamento habitual.

E. Estas alteracións non se explican mellor pola discapacidade intelectual ou polo atraso global no desenvolvemento.

Nesta nova clasificación do DSM-5 realízase un diagnóstico máis descritivo a través do uso de controis da gravidade no momento do diagnóstico.

- Con ou sen déficit intelectual acompañante
- Con ou sen deterioración do linguaxe acompañante.
- Asociado a unha afección médica ou xenética.
- Asociado a outro trastorno do desenvolvemento, mental ou do comportamento.

A etapa no que a deterioración funcional chega a ser obvio variará segundo as características do individuo e a súa contorna, da gravidade da afección autista, o nivel de desenvolvemento e a idade cronolóxica; Por iso o termo espectro.



## **OBXECTIVOS:**

- Promover a sensibilización e concienciación social da nosa contorna.
- Traballar o respecto de cara ós demais.
- Fomentar a capacidade de valorase un mesmo. Autoestima.
- Identificar e comprender claves verbais e non verbais que regulan a interacción (mirada, sorriso, xestos...)
- Valorar a diversidade e a diferenza coma o xeito natural de relación cos demais.
- Desenvolver a empatía.

## **CONTIDOS**

- A empatía como ferramenta de relación cos demais.
- A inclusión como vía de convivencia
- A diversidade, todos e todas somos diferentes.
- Conceptos básicos sobre o TEA e a neurotipicidade.
- Autoestima e autoconhecimento.

## **ACTIVIDADES DENTRO DA AULA**

### **Actividade o previa á asistencia do espectáculo**

#### **1. QUE ME FAI A MIN ESPECIAL?**

Ficha: Debuxarse a si mesmos para definir características súas, cando sexan dunha idade temperá darémoslle un HUGO ( unha figura ou monigote de si mesm@s) a pequena escala para que eles debuxen sobre iso, se son maiores falar previamente de que os/as fai diferentes aos/ás demais, poñendo en valor características da súa personalidade, do seu físico, da súa capacidade emotiva, etc...para concluír que todos e todas somos diferentes e así xerar unha empatía con Hugo, recoñecelo, coñecelo e ver a súa diferenza.

**Actividades despois da función, posible encontro co equipo artístico ó rematar a representación.**

**2. COMO COMUNICARNOS?** Xogos teatrais baseados na falta de recursos para a comunicación. Dous xogos dramáticos: O guía e o Acorde.

-Guía: tápanse os ollos de varios membros do grupo, o resto guíaos por un camiño con obstáculos procurando que non caian. Logo cámbianse os roles. Dialogamos ao final sobre como nos sentimos e sobre se é máis fácil ser acompañantes ou acompañados.

-Acorde: Cos ollos pechados temos que encontrar ó compañeiro que faga un son que previamente pactamos, e podernos colocar ó seu carón sen perdelo.



**3. LAIA E A EMPATÍA:** Buscar imaxes da función, procurar o recoñecemento das emocións primarias a través de varias fotografías. Empregando fotos de primeiros planos de Laia e Hugo expresando emocións e ver o que sucede e o que poderían estar sentindo.



**4. COUSAS BOAS DE MIN.** Un folio que viaxa polos participantes da clase onde se escriben cousas que nos gustan dunha persoa, sen que os demais vexan o que puxo o/a compañeiro/a.

Folla viaxeira de Laia: Cousas boas de Laia.

Folla viaxeira de Hugo: Cousas boas de Hugo.

**5. HUGO E OS AVIÓNS.** Describe a sensación e as emocións de Hugo, e con todo iso facemos un avión que levaremos a casa de recordo da función.

**6. O INTERIOR DE HUGO.** Simbolismo/metáfora de Hugo, a partir de 11 anos. Falaremos nun debate posterior de como é HUGO e como se sente HUGO. Entrando no que significa o TEA e buscando lugares de encontro co Trastorno.

## **MATERIAIS, METODOLOXÍA E VALORACIÓNS.**

**Materiais:** folios, bolígrafos, cartolinas, bonecos impresos, fotografías, ceras, pizarra dixital para proxectar imaxes da función. Fichas e material de documentación.

**A metodoloxía** sempre guiada por un adulto ten como base a cooperación e desenvolvemento dentro das dinámicas grupais que estean relacionadas co feito escénico e cos contidos e obxectivos en materia curricular.

**Avaliacións diferentes** en relación as idades que farán o cuestionario. Do 1 a o 5 con preguntas sinxelas, nos que se levará a cabo unha valoración en positivo.

Exemplos:

**Menores de 4 a 7 anos:**

gustouche a obra?



1 sendo o non

5 sendo moito

**A partir dos 7 anos,** poderían facer:

que é o que máis che gustou?

diríaslle aos teus amigos que a visen?

que aprendiches?

**Avaliación do profesorado,** do 1 ao 5 sendo o 1 nada, e o 5 moito.

A obra é adecuada para a idade dos alumnos?

A obra traballa contidos e valores relevantes?

As actividades son apropiadas e significativas?

Valoración xeral, mala ou moi boa?.